

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale a palabra INCORRECTA en lingua galega:

- A) Andazo.
- B) Cansazo.
- C) Doenza.
- D) Orifizo.

2. Dos seguintes verbos, indique cal é o participio INCORRECTO en lingua galega:

- A) Comer/Comido.
- B) Morrer/Morrído.
- C) Ler/Lido.
- D) Ter/Tido.

3. Indique a forma CORRECTA en lingua galega para o número 21:

- A) Vinteun.
- B) Binteun.
- C) Vintún.
- D) Vinte e un.

4. Sinale a opción CORRECTA en lingua galega, para referirse a un dos meses do ano:

- A) Ferbreiro
- B) Febreiro
- C) Febereiro.
- D) Fervreiro.

5. Sinale a opción CORRECTA en lingua galega:

- A) Abril ten trinta días.
- B) Abril ten trenta días.
- C) Avril ten trinta días.
- D) Abril ten treinta días.

6. As seguintes palabras son de xénero masculino en lingua galega agás:

- A) Mel.
- B) Cordel.
- C) Sinal.
- D) Pel.

7. Que palabra é correcta na lingua galega?

- A) Oxhixeno.
- B) Osixeno.
- C) Oxixheno.
- D) Osíxheno.

8. Indica cal é a frase INCORRECTA na lingua galega:

- A) Esta é a miña nai e aquel o meu pai.
- B) Estos son os meus amigos da escola.
- C) Estas son as miñas amigas de sempre.
- D) Temos que traer para aquí aquela mesa do fondo.

9. Palabra galega que significa óso plano situado verticalmente no centro do peito, ao cal se unen as costelas:

- A) Columna.
- B) Cadrís.
- C) Esterno.
- D) Omoplata.

10. As seguintes palabras son de xénero feminino en lingua galega, agás:

- A) Gastroenterite.
- B) Colite.
- C) Bronquite.
- D) Fel.

Preguntas de reserva

1. Que verbo significa en lingua galega forzar violentamente a articulación dunha parte do corpo, ás veces coa rotura dalgún ligamento ou de fibras musculares próximas?

- A) Escordar.
- B) Tornadurar.
- C) Torradurar.
- D) Escorregadurar.

2. Das seguintes frases, indique cal é a INCORRECTA na lingua galega:

- A) Mira esas nenas no río.
- B) Colle aqueles libros.
- C) Volveu encher as copas baleiras.
- D) Este libro é meu, esos son teus.